



Repensar a inxustiza nun mundo ciber-conectado desde claves teolóxico-políticas

Montserrat Escribano-Cárcere¹

O mundo no que nos movemos réxese por unhas lóxicas económicas que van a miúdo en contra da vida. Vemos que, tanto a niveis macroeconómicos como domésticos, estas lóxicas seguen parámetros que para moitos se traducen en dificultades e estreitez, e para a maioría complica as súas tarefas fundamentais, como a procura dun emprego remunerado dignamente ou, sinxelamente, impídelles soñar cun futuro estable. Desde distintos lugares escoitamos que unha economía que non estea ao servizo do ben común e que non teña como centro a dignidade humana e o sostemento de toda vida é unha economía que nos aboca colectivamente á morte. Comezamos, quizais con lentitude, a asumir estas propostas e a buscar posibilidades de cambio².

Con todo, non parece que este proceso de asunción acabe de despegar, de modo colectivo, nas nosas democracias. E, malia que son moitas as encomiables tarefas, esforzos, propostas e campañas, parece que non é suficiente co xa conseguido. Non estou capacitada para mostrar cal é a realidade das propostas económicas ou o seu alcance nos fogares, nin tampouco as derivas das dinámicas actuais do mercado. A miña tarefa é reflexionar teoloxicamente

1 ESCRIBANO-CÁRCERE, MONTERRAT, é doutora en Filosofía pola Universitat de València, máster en Teoloxía, pola Facultade de Teoloxía San Vicente Ferrer de Valencia e licenciada en Humanidades e máster en Ética e Democracia pola Universitat de València. Traballa como profesora convidada na Facultade de Teoloxía San Vicente Ferrer de Valencia e profesora de Relixión en secundaria no Colexio A nosa Señora de Montesión, Torrent, Valencia.

2 BALLESTEROS GARCÍA, CARLOS, *La economía de las bienaventuranzas*. Cuadernos HOAC, Madrid 2017.